

A partición de palabras. O guión

LEMBRA

Cando unha palabra non cabe enteira ao final da liña, partímola cun **guión** (-) e continuamos a escritura na liña seguinte, tendo en conta estas normas:

- Non se poden separar os ditongos nin as letras que forman parte da mesma sílaba.
- Non se pode deixar unha vogal soa ao final da liña.
- Non se poden separar os dígrafos (**ch**, **gu**, **ll**, **nh**, **qu** e **rr**) porque representan un único son.

1 Arrodea o dígrafo en cada palabra e pártelas coma se fosen ao final da liña.

- | | |
|----------------------------------|--------------------------------|
| ▪ parra ▶ <input type="text"/> | ▪ rocha ▶ <input type="text"/> |
| ▪ nunha ▶ <input type="text"/> | ▪ palla ▶ <input type="text"/> |
| ▪ burgués ▶ <input type="text"/> | ▪ caqui ▶ <input type="text"/> |

2 Subliña a palabra de cada cadro que contén un ditongo.

dinosaurio
baúl

avelaíña
faisán

cacahuete
capicúa

boina
oído

3 Escolle entre as palabras anteriores as que correspondan ás imaxes e cópiaas separadas en sílabas.









4 Escribe unha liña vertical (|) no lugar onde partirías cada palabra ao final da liña.

- beira ▪ ouro ▪ dunha ▪ acción ▪ torre ▪ tenro ▪ aorta ▪ achado

5 A última palabra de cada oración está mal partida. Escribe a partición correcta.

- O sábado pasado fomos visitar o acuario da Coruña e gustounos moito.
- Alba pasouno moi ben cos pal-lasos do circo.
- Na feira do libro non atopei ningun-ha cousa que me enchese o ollo.
- Poderías prestarme un pouco o teu a-bano, que teño moita calor?
- Non atopas os calcetíns? Mira nos ca-ixóns da cómoda.

▶

▶

▶

▶

▶

6 Escribe unha oración con cada unha destas palabras e pártelas ao final da liña.



león

▶



saia



camión

▶

7 Parte estas palabras de todos os xeitos posibles coma se fosen ao final da liña.



xoaniña



colonia



foguete